

Libros para postobrigatoria



En Santiago cométese un espantoso crime que, en realidade, semella unha obra de arte. A asasinada é a sobriña da máis importante artista galega, e a maneira en que aparece o cadáver semella un dos seus traballos de vangarda. Será que matar pode ser unha forma de


Neste thriller psicolóxico onde nada é o que parece. Unha novela de ritmo vibrante que agarra o lector e o conduce aos sumidoiros da condición humana. Unha historia de amor, odio e loucura.



No IES Terra de Soneira temos Club de Lectura desde o curso 2013-2014. Está aberto ao profesorado e ao alumnado do IES Terra de Soneira. Reunímonos os luns de 3.30 e 4.30 da tarde durante o curso académico e nesas reunións falamos dos libros que estamos lendo no grupo ou pola nosa conta, vemos películas baseadas en obras literarias, consultamos webs ou blogs de autores... pero tamén facemos rutas literarias, recitais poéticos, visitamos a Feira do Libro...

Estas son as nosas recomendacións lectoras para o verán e, se te animas a unirse a nós o vindeiro curso estaremos encantados de contar contigo!!

Este verán déixate guiar polas nosas recomendacións de lectura...



Equipo de Normalización
Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Porque...
Quen ben te
quere,
farache ler.

Libros para o 1º ciclo da ESO




Se che gustan os libros do Fiz, aquí tes o teu personaxe favorito como guía para aprender a facer banda deseñada.

Uns pequenos e peludos animais —os bobós— ameazan a Galaxia Oma. Tan só Quepi, unha estraña nena que vive co seu irmán e o seu avó no planeta Dot, ousa desobedecer o mandato de exterminalos protexendo un bobó tan especial coma ela.


Premio Lazarillo 2018.



Narrativa e poesía para o 2º ciclo da ESO



"Galicia en bus" é un libro de poemas que trae un percorrido íntimo e, ao tempo, social e colectivo, desde unha perspectiva feminista, articulando un mapa cartográfico que funde o territorial coas lembranzas persoais e o propio corpo.



A recente aparición da 5ª entrega da serie Dragal, *O segredo do Dragón* (2019), é unha magnífica oportunidade para ler (ou reler) os títulos anteriores da saga: *A herdanza do Dragón* (2010), *A metamorfose do Dragón* (2011), *A fraternidade do Dragón* (2012) e *A estirpe do Dragón* (2015).

